ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDACTICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O RIBEIRO

GRUPO: 3º ESO A - B

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS DA NATUREZA

DATA: 09/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1ª avaliación	
Bloque 1: Habilidades, destrezas e estratexias. Metolodoloxía científica Bloque 4: O relevo terrestre e a súa evolución Bloque 6: Proxecto de Investigación - Unidade 8: Dinámica da Terra - Unidade 9: Modelaxe do relevo	
2ª avaliación	
Bloque 1: Habilidades, destrezas e estratexias. Metolodoloxía científica. Bloque 2: A célula, unidade estructural e funcional dos seres vivos. Bloque 3: As persoas e a saúde. Promoción da saúde. Bloque 6: Proxecto de investigación. - Unidade 1: Organización do corpo humano - Unidade 2: Alimentación e nutrición - Unidade 3: Aparato dixestivo e respiratorio	
Esta materia que se impartiu durante as dúas primeiras avaliacións non sofre cambios con respecto da programación inicial.	
3ª avaliación	
Bloque 3: As persoas e a saúde. Promoción da saúde - Unidade 4: Circulatorio e excretor - Unidade 5: Función de relación - Unidade 6: Reprodución humana - Unidade 7: A saúde e a enfermidade.	
Criterios de avaliación	**Estándar de aprendizaxe**
B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
B3.17. Indagar acerca das doenzas máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como sobre as súas causas e a maneira de previlas.	BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.
B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.	BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.
B3.19. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.	BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.
B3.20. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.	BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.
B3.22. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor.	BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.
B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.	BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.
B3.4. Clasifcar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan á poboación.	B3.4.1. Recoñece as doenzas e infeccións máis comúns, e relaciónaas cas súas causas. B3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión de enfermidades infecciosas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación.

Procedementos avaliación:

.- Recollida de traballos, fichas, cuestionarios etc con límite de tempo a través do correo electrónico.

.- Envío de solucións por correo con devolución por parte do alumno da tarefa correxida.

(Cada apartado se valorará cun porcentaxe)

Instrumentos avaliación:

Resumos, esquemas, debuxos, presentacións, exercicios, cuestionarios fichas.

.- Rúbrica onde estean recollidos os seguintes aspectos:

. Realiza todo o traballo o realízao parcialmente.

. Se o traballo trata realmente do que se lle pide.

. Se está ben presentado con pulcritude e limpeza

. Se a exposición é correcta e está ben estruturada

. Se hai erros gramaticais.

. Se o traballo adáptase a extensión esixida.

. Se a entrega realízase na data indicada.

Cualificación final : *(Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso)*

. A **Nota** final calcularase da seguinte forma :

. Se calculará a media ponderada entre a 1ª e a 2ª avaliación :

1ª Avaliación : 60%

2ª Avaliación : 40%

. Para superar a materia terá que alcanzar o **5.**

. A **3ª Avaliación** será para subir a nota media acadada nas dúas primeiras avaliacións ata como máximo **1 punto**.

Cada traballo entregado se puntuará cunha porcentaxe proporcional no que o 100% correspondería a totalidade dos traballos propostos.

. **Recuperación** : Será obrigatoria para o alumnado que non teña superada algunha das avaliacións ou ningunha delas.

As recuperacións faranse cos mesmos instrumentos utilizados de forma habitual neste caso de escepción.

Proba extraordinaria de setembro:

.- Proba escrita da materia impartida na 1ª e 2ª avaliación no caso de poder facelo de forma presencial.

.- Entrega de todos os traballos propostos para este terceiro trimestre

Alumnado de materia pendente

Criterios de avaliación : Os criterios recóllense na seguinte rúbrica :

Rúbrica para resúmenes	1	2	3	Puntuación
Plazo	Non entrega ou entrega fóra de prazo	Entrega en prazo pero incompleto.	En prazo , completo e correxido	
Presentación	Non pon un título nin identifica correctamente o traballo. Non coida a presentación. Ten moitas faltas de ortografía. Resulta difícil de ler. Mala caligrafía.	Pode mellorar a caligrafía ou ortografía, o formato é irregular	Correcta Sen faltas de ortografía, gramaticais ou de puntuación.	
Organización	Non separa por títulos, subtítulos, apartados, nin párrafos, non hai orde.	Irregular: fáltalle algún apartado, ou non está ben secuenciado	Correcta	
Calidade na redacción	Fai un corta e pega sen sentido. Incoherente, non se entende. Ten moitos erros na sintaxe.	Prevalece a copia textual do contido orixinal sobre a expresión coas propias palabras. É redundante ou carece de sentido nalgunha parte.	Crea un texto coherente utilizando as súas palabras utilizando o vocabulario e a sintaxe adecuada.	
Comprensión do tema	Non reflexa comprensión porque non elimina contido irrelevante. Non segue a organización do contido.	Algunas veces non extrae a idea esencial e importante e hai puntos que non quedan claros, ou pérdese en ideas secundarias resultando demasiado extenso. Ou é breve pero non distingue as ideas principais. Ou non segue a organización orixinal do contido.	Correcta: idea principal e detalles importantes. Relaciona ben a información. Enriquece con esquemas ou imaxes.Reflexa a comprensión do tema.	
Extensión	É demasiado breve e non recolle as ideas principais.	Distingue a idea principal da secundaria pero é demasiado extenso. Utiliza máis de 2 frases para expresar unha idea.	Completo, ten toda a información necesaria, e conciso: entre 1/3 e 1/5 do texto orixinal	

Criterios de cualificación:

Se presentan os traballos pedidos a cualificación máxima será un 6.

No caso de non presentalo ou non o superan de forma positiva, deberán presentarse á proba extraordinaria de setembro, que se realizará de forma presencial por escrito, no día , hora e na forma que indique a xefatura de estudos do centro.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Se pedirá un resumo da materia das dúas primeiras avaliacións,escrito a man no caderno.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

Actividades :

Repaso e reforzo da materia dada nas dúas primeiras avaliacións.

Continuación de parte da programación prevista por ser un traballo de carácter mais persoal.

Recuperación das avaliacións suspensas.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade);

Neste curso todos os alumnos dispoñen de conectividade.

Ao alumno se lle pedirán: resumos, esquemas, debuxos, presentacións, exercicios, cuestionarios, fichas, probas con límite de tempo.

Materiais e recursos :

Conectividade, ordenador , móbil, libros, presentacións, fichas,

caderno.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias. *Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.*

Correo electrónico, teléfono móbil, Aula virtual, mensaxes.

Publicidade. Publicación obrigatoria na páxina web do centro.